

2 de xaneiro de 2000

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra *No se llora*, polo Grupo de Teatro *Equus*. Organizou o Departamento de Cultura en colaboración co Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, está enmarcada dentro da programación da Rede Galega de Teatros.

4 de xaneiro de 2000

Formando parte do Programa de Festexos de Nadal, organizado pola Delegación de Cultura e Deportes do Concello, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a actuación do Grupo Evocación.

5 de xaneiro de 2000

Non faltaron á cita os Reis Magos de Oriente. A cabalgata estivo organizada pola Sociedade Recreativa, Cultural e Deportiva de Betanzos e por D. Vicente García Blanco, que contaron coa colaboración do Concello e de varias asociacións betanceiras.

11 de xaneiro de 2000

Na igrexa de San Francisco tivo lugar unha actuación da *Joven Orquesta de la Sinfónica de Galicia*, dirixida por James Ross, que interpretou varias sinfonías de Anton Bruckner.

11 de xaneiro de 2000

A nosa cidade foi protagonista especial no discurso de ingreso na Academia de Ciencias Morais e Políticas de Madrid, do catedrático de Antropoloxía Social de Humanidades do campus de Ferrol e membro do comité científico do Anuario Brigantino, D. José Antonio Fernández de Rota. O título do discurso foi: *Imaginación en la tradición: Betanzos 1900-2000*.

15-30 de xaneiro de 2000

No Edificio Arquivo estivo exposta ó longo destes días unha mostra da pintora Teresa Castro Bolaño.

18 de xaneiro de 2000

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar unha recepción do Alcalde, D. Manuel Lagares e do Concelleiro de Tráfico, D. Antonio Carro, ós integrantes do Grupo de Voluntarios de Protección Civil. No acto fóronlles repartidos carnés e diplomas acreditativos de asistencia a cursos.

21 de xaneiro de 2000

Os alcaldes de Betanzos, D. Manuel Lagares e de Abegondo, D. José Antonio Santiso Miramontes, inauguraron as reformas levadas a cabo na ponte de Beldoña, sobre o río Mero, que une ós dous concellos. As obras de mellora foron subvencionadas pola Deputación Provincial da Coruña, dentro do Plan 2000 de Recuperación da Arquitectura Popular.



Estudios Blanco

23 de xaneiro de 2000

Enmarcada dentro da Rede Galega de Teatro tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación teatral da obra *Crimes Anónimos*, a cargo do grupo *Nove-Dous*.



Estudios Blanco

28 de xaneiro de 2000

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar unha recepción ós deportistas betanceiros máis destacados no 1999. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares a quen acompañaban o Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz e diversos membros da Corporación.

28 de xaneiro de 2000

O grupo *Uvegá Teatro* estreou na Aula Municipal de Cultura a obra *A señorita Xulia*, de August Strindberg. A compañía que dirixe D. Vicente Montoto, é a segunda vez que elixe a nosa cidade para a estrea das súas obras. Este acontecemento foi aproveitado polos alumnos dos institutos para traballar sobre unha unidade didáctica editada por *Uvegá Teatro* e a Deputación Provincial.



Estudios Blanco

29 de xaneiro de 2000

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar a toma de posesión dos seus cargos dos Alcaldes de Barrio de Betanzos. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares. D. Andrés Grandal Vidal, por San Martiño e Tiobre; D. José Juan Gándara Ramos, por Santa María de Pontellas; D. Antonio Sánchez Charlón, por Xan Rozo, A Graña e Requián; D. Roberto Ferreño Otero, por

Infesta; D. Manuel Rey Casal, por Guiliade; D. Neftalí Paraje Díaz, por Nosa Señora e Caraña; D. José Antonio Pedreira Rilo, por Piadela; D. Julio Baamonde Docampo, por San Pedro das Viñas e D. Francisco Javier Montero Rey, por San Martiño de Brabío.



La Voz de Galicia: Roberto Agnete

1 de febreiro de 2000

Acompañados polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, o Conselleiro da Presidencia, D. Jaime Alberto Pita Varela, e o de Educación e Ordenación Universitaria, D. Celso Currás Fernández, realizaron unha visita institucional ós centros educativos de Betanzos.



La Voz de Galicia: Roberto Agnete

5 de febreiro de 2000

Foron inauguradas no Carregal as novas oficinas de Extensión Agraria, situadas no antigo edificio do Ministerio de Agricultura. O acto estivo presidido polo Conselleiro de Agricultura, D. Cástor Gago e o Conselleiro da Presidencia, D. Jaime Alberto Pita Varela.



Estudios Blanco

11 de febreiro de 2000

Visitaron a nosa cidade a sociedade gastronómica e cultural *Orde dos Cabaleiros da Pedra Moura*, que celebrou neste día a Festa de exaltación da tortilla de Betanzos. Foi recibida na Sala Capitular do Concello polo Alcalde, D. Manuel Lagares, e o Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira.

12 de febreiro de 2000

Dentro da Rede Galega de Teatro tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación, *Un lunar vermello*, a cargo do grupo de Pilar Moreira e coa dirección de Quico Cadaval.

13 de febreiro de 2000

Este foi un día feliz para o betanceiro Manu Gómez, que debutou na liga ACB de baloncesto co seu equipo, o Unicaja, no Palau Blaugrana en contra do Barcelona. Desexámoslle o mellor na súa carreira como profesional a este mozo betanceiro, que se aventurou neste mundo das alturas.

16-29 de febreiro de 2000

Nestes días puido contemplarse no Edificio Arquivo, unha exposición da pintora betanceira, Amalia Freire Rey.

22 de febreiro de 2000

D. Manuel Lauda Arcay, veciño e prestixioso artesán brigantino, cedeu ó Museo das Mariñas algunhas das súas obras nas que destacan a maqueta dunha casa típica galega e a torre da igrexa de Santo Domingo. O acto de entrega realizado na Sala Capitular do Concello, estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, estiveron presentes o Concelleiro de Cultura e



Estudios Blanco

e o Director do Museo das Mariñas, D. Alfredo Erias Martínez.

25 de febreiro a 3 de marzo de 2000

Un grupo de 15 alumnos estadounidenses estiveron estes días na nosa cidade, gracias a un intercambio escolar co instituto Francisco Aguiar.

Febreiro de 2000

Neste mes o Concello de Betanzos integrouse na *Fundación Federico Maciñeira*, de carácter comarcal que está composta ademais polos concellos de Vilasantar, Cesuras, Curtis, Oza dos Ríos, Aranga, Irixoa, Paderne, Vilarmaior, Miño e Coirós. O principal obxectivo desta nova fundación é favorecer o desenvolvemento da comarca de Betanzos.

4-8 de marzo de 2000

Desenvolouse ó longo destes días o programa de festexos do Antroido elaborado polo Concello, que este ano contou coa colaboración da Sociedade Recreativa, Cultural e Deportiva de Betanzos. No programa tiveron cabida os bailes e concursos de disfraces, así como a I Festa da Filloa o martes de Antroido. Remataron os actos co Enterro da Sardiña no río Mandeo.

Marzo de 2000

Os domingos deste mes celebráronse as Carreiras Ciclistas Populares, organizadas polo Club Ciclista de Betanzos e que contaron coa colaboración do Concello, Protección Civil e Policía Municipal.

12 de marzo de 2000

Tiveron lugar as Eleccións Xerais. No Concello de Betanzos, sobre un censo de 10.580, obtivéronse os seguintes resultados: PP, 3.714; PSOE, 2.648; BNG, 1.138; Outros, 176.

Marzo de 2000

A familia Silvén entregou ó Museo das Mariñas de Betanzos para a súa exposición, o aparato de cinematógrafo máis antigo de Galicia (aprox. 1910). Concretamente trátase dun proxector de cine mudo, construído en París, por *Cinematographes Pathé Freres*, con número de serie 2.005. Foi o bisavó dos actuais propietarios, quen obtivo unha das tres primeiras licencias na provincia da Coruña para facer proxeccións.

17 de marzo de 2000

Celebrouse a tradicional festa da árbore coa plantación de diferentes especies nunha das terrazas do Pasatempo polos alumnos do Colexio Vales Villamarín. Esta festa da natureza estivo complementada cunha exposición sobre o medio ambiente, e a entrega ós nenos participantes de libros e adhesivos.



17-30 de marzo de 2000

Ó longo destes días puido visitarse no edificio Arquivo a exposición de pintura de Omaira Tuirán Ruiz, na que predominaron bodegóns e retratos ó óleo.

Marzo de 2000

O Concello convocou este mes as axudas económicas para o transporte de estudantes á Universidade, acadando aproximadamente un 30 % dos custos dos desprazamentos.

17 de marzo de 2000

O Club de Xubilados de Caixa Galicia representou na Aula de Cultura do Edificio Arquivo a obra teatral *Bodas de sangre*, de Federico García Lorca. A representación constou de diversos aspectos narrativos, desde a interpretación dramática á musical. Misuka Valenti, Alfonso Delgado e Victor Díaz foron os seus directores.

21 de marzo de 2000

O enxeñeiro e colaborador do Anuario Brigantino D. Delfín Mariño Espiñeira, pronunciou na Casa de Galicia en Madrid, a conferencia sobre o Pasatempo, titulada: *El Pasatiempo de Betanzos, parque surrealista, creación de un emigrante gallego*. O acto presidido polo Ministro de Sanidade, D. José Manuel Romay Beccaría, contou coa presenza do Alcalde, D. Manuel Lagares e diversos membros da Corporación Municipal, así como de distintos familiares de Don Juan García Naveira.

23 de marzo de 2000

Saíu na prensa deste día que a Ría de Betanzos fora englobada no Plan de Estacións Náuticas da Xunta de Galicia. O obxectivo desta iniciativa é avanzar na modernización turística, determinando ó longo da xeografía a localización de espazos únicos para a práctica de deportes náuticos.

23 de marzo de 2000

O Alcalde, D. Manuel Lagares, e o representante da empresa *Apaga* -concesionaria dos aparcamentos soterrados da Praza do Campo- D. José María Farto, firmaron un convenio de colaboración que permitiu establecer a tarifa de media hora no párking.

24 de marzo de 2000

Dentro da Rede Galega de Teatro tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación da obra *Casado de día, soltero de noite*, de Julio Mathías e representada pola compañía de teatro *Equus*.

Marzo de 2000

O Párroco de Santa María do Azogue, D. José Manuel Iglesias ven de publicar un novo libro titulado, *Vida Eucarística*, editado por Rialp dentro da colección Patmos. O libro está prologado polo Cardeal Arcebispo de Madrid, D. Antonio María Rouco Varela.




25 de marzo de 2000

Tivo lugar na Praza do Campo a I Feira do Queixo e do Repolo, organizada pola Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local, que contou coa colaboración de diferentes comerciantes e empresarios de Betanzos e da comarca. Degustacións de queixo, repolo e mel deleitaron ó numeroso público asistente.

29 de marzo a 2 de abril

O Concello de Betanzos a través da Concellería de Turismo, elaborou un complexo *stand* para a Feira Internacional de Turismo de Silleda, que consistiu nunha imaxe dunha casa típica na que se colgou unha das balconadas gañadoras do ano 98, un bote dos que hai no río decorado para a festa dos Caneiros, así como outros elementos característicos, folletos e audiovisuais.



Estudios Blanco

31 de marzo a 1 de abril de 2000

Celebráronse na Aula Municipal de Cultura as *Xornadas de Estudio e Debate sobre Castela* (no 50 *cabodano*), organizadas polo Concello de Betanzos e dirixidas por D. Xesús Alonso Montero coa colaboración de D^a Concepción Delgado Corral. Participaron como conferenciantes: Carlos Casares, Neira Vilas, Xesús Alonso Montero, Antón Costa, Xosé M^a Dobarro, Ernesto Vázquez Sousa, Pilar García Negro, Henrique Monteagudo, Carlos Fernández Santander, Claudio Rodríguez Fer, Isaac Díaz Pardo, Xulio Cuns Lousa, Carlos Etcheverría, Xosé M. Salgado e Xesús Torres Regueiro. Editouse por este motivo *Terra de matute para Castela*, de Emilio Álvarez Blázquez, cun prólogo de Xesús Alonso Montero. O acto de clausura contou cun recital poético de Xosé Ramón Fandiño e dos alumnos do Instituto Francisco Aguiar.

1 de abril de 2000

Na igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto en favor de Mans Unidas, no que participaron a Agrupación Musical *Carlos Seijo*, Coral Polifónica de Betanzos e os grupos de vento e metais da Banda Municipal de Música. A actuación estivo patrocinada polo Concello.

2 de abril de 2000

Patrocinado pola Fundación Caixa Galicia tivo lugar na igrexa de San Francisco un concerto a cargo do Coro de Cámara do Orfeón Terra a Nosa e a Capela Compostelá.

2 de abril de 2000

O deportista betanceiro Emilio Lousa, pertencente ó Club Delfín da Coruña, proclamouse Campión Galego de duatlón nunha proba de gran dureza celebrada en Lugo.

5 de abril de 2000

O Alcalde, D. Manuel Lagares, recibiu na Sala Capitular do Concello a Frai Mariano Cordero Rodríguez, misioneiro franciscano de orixe betanceiro, pero que reside habitualmente en Terra Santa. O motivo da súa viaxe foi coñecer a terra de seus pais e algúns dos seus parentes.

6-9 de abril de 2000

Nestes días unha delegación do Concello encabezada polo Alcalde, D. Manuel Lagares, trasladouse a Londres co obxectivo de estreitar lazos comerciais e ó mesmo tempo mellorar os vínculos sociais coa comunidade de betanceiros emigrados en Gran Bretaña.

8 de abril de 2000

Dentro dos actos programados pola Concellería de Cultura, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación da obra *O Inocente sexólogo*, que realizou o grupo teatral *Amistade*.

12 de abril de 2000

O Alcalde, D. Manuel Lagares, inaugurou o grupo de vivendas da zona de Martín Ballesteros. As novas casas foron construídas gracias a un convenio de colaboración para a erradicación do chabolismo entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello. No acto estiveron presentes os representantes das distintas forzas políticas da localidade.



Estudios Blanco



Estudios Blanco

14 de abril de 2000

No Museo das Mariñas fronte á bandeira que presidía as sesións do Goberno Republicano no exilio, tivo lugar un acto de conmemoración do 69 aniversario da proclamación da República en España, coa presidencia do Alcalde, D. Manuel Lagares.



Estudios Blanco

15-22 de abril de 2000

Ó longo destes días viñéronse desenrolando os actos de Semana Santa, que deron comezo coa lectura do pregón polo Bispo de Ourense, D. Carlos Osoro Sierra, na igrexa de Santo Domingo. Os actos máis relevantes foron as procesións do Vía Crucis, Santo Enterro e Os Caladiños, que contaron cunha ampla participación como ven sendo habitual nos últimos anos.

Abril de 2000

O Alcalde, D. Manuel Lagares, asinou un convenio de colaboración co centro educativo As Mariñas, polo que os alumnos dos módulos de Administrativo e Delineantes puideron facer prácticas nas distintas dependencias municipais.

17-30 de abril de 2000

Puideron contemplarse estes días no Edificio Arquivo as últimas creacións de gravados e esculturas da artista betanceira, Isabel Rumbo.

26 de abril de 2000

O Centro de Educación Especial da Congregación das Irmáns Hospitalarias do Sagrado Corazón, celebrou un día de festa con motivo da canonización de Benito Menni, fundador desta congregación. Como remate dos actos celebrouse unha misa na igrexa de San Francisco oficiada polo Arcebispo D. Julián Barrio.

29 de abril de 2000

Dentro do ciclo de teatro organizado polo Concello tivo lugar na Aula municipal de Cultura a representación, *As presidentas*, de G. Bernard Shaw, interpretada polo grupo *Factoría Teatro*.

30 de abril de 2000

A deportista betanceira Ana Belén Blanco proclamouse en Santander Campiona de España de Duetlón en categoría infantil.

1 de maio de 2000

Desenrolouse no Pavillón Municipal de Deportes o I Minimaratón de Fútbol Sub-12 *El Pasatiempo*, organizado polas peñas deportivistas *Obelisco*, *Chocolate* e *Saco*, que contaron coa colaboración do Concello de Betanzos e varios membros do plantel do Deportivo. Gasñou o *Breogán Imperator*.



1 de maio de 2000

A palista betanceira do Club de Piragüismo Ría de Betanzos Sheila Sánchez, proclamouse subcampiona de España de maratón, en categoría júnior de K-1.

Maio de 2000

Neste mes rematou a liga de fútbol de 3ª División 1999-2000, na que está encadrado o equipo do Betanzos C.F., que acadou un quinto posto, quedando ás portas da promoción de ascenso a Segunda División B.

5-7 de maio de 2000

Celebrouse na avenida do Carregal a *XV Edición da Festa do Viño de Betanzos* organizada pola Asociación de Colleiteiros de Betanzos, que deu comezo coa lectura do pregón a cargo do Conselleiro da Presidencia, D. Xaime Alberto Pita Varela. Na cata dos viños presentados a concurso resultaron gañadores: D. Benito Dopazo en branco e D. Diego Carneiro en tinto. A festa volveu ser, como en anos anteriores, un éxito de público e de vendas.



Pregón da Festa do Viño

Quero, antes de nada, desexarlles a tódolos que se atopan aquí uns días moi felices, precisamente na celebración desta festa do viño tan importante para tódolos betanceiros, para esta comarca, e para tódolos galegos.

Dixo ese gran escritor galego, autor de «El bosque animado» e ademais veciño desta bisbarra (que precisamente agora se está recuperando o que foi moi preto do embalse de Cecebre a súa mansión), D. Wenceslao Fernández Flórez, que un viño é o espírito dun país, que se pode enxuciar mellor a psicoloxía e os valores dun pobo máis polo que bebe que polo que come. E eu quixera neste momento dicirlles que o viño foi creado para contento das persoas, que é a alegría do corazón e contento da alma, se é bebido a tempo e con medida. Non debemos esquecer que desde Xesús de Nazaret que comezou as súas prédicas co milagre das Vodas de Canaá, convertindo a auga en viño, ou desde a Última Cea como lembranza do seu sacrificio, así tamén podemos entrar no contexto cultural de países da antigüidade, e poño o exemplo de Asiria ou de Babilonia ou de Exipto ou da Tracia, de China ou da India que consideraron o viño como un produto divino. E o camiño máis directo para comunicarse cos deuses. Viño e relixión estiveron sempre ligados no vagar da historia, dende o Exipto dos faraóns co gran deus do viño, Osiris, señor dos ríos e da uva fermentada. O viño alí transportábase en olas de barro hermeticamente pechados que tiñan ó redor unhas inscricións xeroglíficas que indicaban o nome do viticultor e o viñedo de procedencia. Esas inscricións son hoxe a orixe das etiquetas.

Se os exipcios utilizaban o viño para conectarse co máis aló, foi en Grecia onde a cultura do viño acadou o seu apoxeo, pois da man do viño xorden as festas dionisíacas e con elas o teatro. Cos romanos Dionisio convértese en Baco e así se manifestarían as gañas de expandirse loitando contra os bebedores de cervexa, bárbaros que moraban nos vales do Ródano e mesmo do Rin, onde pasado o tempo quedaron magníficos viños. Non temos medo, e eu moito menos, a trabucarnos se dicimos que o imperio romano se encargou de levar a cultura do viño ós países que conquistaba, que é dicir ó mundo civilizado, entre os que, naturalmente, se atopaba este *Finisterrae*. E non o di este pregoeiro por primeira vez, senón que está escrito desde hai tempo: a comarca de Betanzos é herdeira dunha viticultura de grande antigüidade.

Estamos, entón, en que a viticultura de Betanzos ten a rareza de aparecer cunhas concepcións técnicas mediterráneas nun medio atlántico xeograficamente extremo, e que a súa conservación débese, en gran medida, o mesmo que en toda Europa, ás ordes monásticas, pero moi especialmente, ós cistercenses. Este coidado da vide chega en épocas posteriores a converte-la nosa comarca en exportadora, sobre todo cara ós territorios limítrofes nunha primeira fase e, mais tarde, a todo o norte da península ibérica, aparte de solventar as necesidades de diversas flotas de barcos, que moitas ían cara a América, pois nesa época atopámonos dentro dunha economía do viño, pois as colleitas que había de millo e centeo, así como o gando, non garantían as necesidades da nosa poboación. De aí real provisión de 1611 que renova o dereito histórico de prohibir a entrada de viños obtidos fóra da nosa xurisdicción. O concello tamén entra a legislar este proceso publicando unha orde pola que se atribúe facultades para sinalar o comezo da vendima e obriga a todo aquel que o venda a colocar unha rama de loureiro na porta como antigo símbolo da pureza e perennidade, tradición que, sen ter a esixencia de imponse, loxicamente, aínda hoxe conservamos.

Nestas épocas, que son probablemente as máis fértiles da produción vitivinícola, en toda esta comarca, a metade das terras e o seu entorno de Betanzos e todo o territorio que o circundaba atopábanse ocupadas polos viñedos. Houbo vicisitudes históricas que non nos permitiron, por outra banda, ser competitivos con uvas e viños que viñan de fóra, moi especialmente cataláns e

franceses a pesar da forte oposición que amosou a poboación betanceira, e que esmorecía, fundamentalmente, como moitos estudiosos coñecen, polos ataques epidemiolóxicos do oídio, do mildiu e da filoxera, sobre todo a mediados do s. XIX. Pouco se puido salvar, pero a través dos documentos vemos que as variedades cultivadas eran ese branco lexítimo que estamos a recuperar, agudelo branco, serradelo, roibal e mencía en tintos, variedades que confirmaron as excelencias dun viño propio que foi cantado por poetas e enólogos.

Nestes últimos anos os viños galegos, é algo que quero suliñar, están de moda, desde ese albariño que hoxe está considerado como un dos mellores brancos do mundo, segundo publicaba hai pouco tempo o prestixioso xornal *The Washington Post*, concretamente en abril do 1998 e en outubro do 1999, ou como pasa neste momento tamén con viños galegos como o tinto da Ribeira Sacra que foi galardoado, nin máis nin menos que co primeiro premio na Feira Mundial de Bruxelas, onde acadou a medalla de ouro como un dos mellores tintos xoves do mundo. Consecuentemente fai que nós, nesta comarca, que é semellante a esas outras, que ten historia, cultura, gastronomía e viño, podemos mirar o futuro con esperanza, á beira tamén do crecente fenómeno do turismo.

Viño propio como o que temos nós, autóctono, o único que hai que facer, e que estamos a facer xa neste momento -e permitídemme todos que pluralice, porque eu síntome plenamente identificado en calquera proxecto nestas cuestións-, é revitalizalo para que de novo lle demos ó mundo un bo branco lexítimo, un roibal, etc. Cremos nunha nova economía que permita tamén á mocidade apostar pola volta á natureza, que é un xeito de vivir que non se pode perder xamais.

A vide, esa planta da que estamos a falar, temos que traballala, que afondar no seu coñecemento, neste produto da actividade humana polo que unha planta que foi silvestre de froitiñas a penas comestibles se converteu nunha explotación agrícola con capacidade para ofertar, cada vez, máis e mellores uvas. Así sae o viño, ese froito da terra e do amor que pon o home nel. Eu quero lembrar a todos aqueles que durante tanto tempo e con tanto sacrificio están a manter esta tradición artesán.

O escritor francés, Paul Claudel dixó que o viño moi suavemente quenta, dilata, serea os elementos da nosa personalidade, reanima as nosas lembranzas, estimula a imaxinación e dos seus dedos de rosa, que Homero atribuíu á alba, ábrenos no porvir ás perspectivas máis alentadoras. O viño é así profesor do gusto, e apréndenos a practicar a reflexión interior, liberando o noso espírito e ilusionando a nosa intelixencia.

O refraneiro popular español ten moitas sentencias sobre o viño pero quero aquí quedar con aquela que di: «despois de beber cada un di o seu parecer». E o noso parecer debe estar orientado á recuperación da nosa personalidade vitivinícola, apoiándonos nos científicos e técnicos dedicados á materia para que o mundo recupere unhas novas uvas e nós poidamos recuperar unha fonte de riqueza que permitiu vivir a moitos betanceiros folgadoamente.

Fagámolo, pero, mentres tanto, acheguémonos a algún lugar onde poidamos calmar a sede e tamén comunicarnos coa ledicia que nos permite o noso viño. Disfrutemos do momento, que non faltará un día para traballar nin para que nos preocupemos de outros mesteres. Despois, como se fixo precisamente hoxe, de poñer o ramo de loureiro, querido Presidente, queridos colleiteiros, veciños desta comarca, garelos e betanceiros, abran as adegas e que veñan os romeiros. Xa está aí moi preto San Roque, o Globo e os Caneiros. ¡Colleiteiros de Betanzos poñede un neto. Deus vos bendiga a todos para velo!

¡Moitas gracias!
Xaime Alberto Pita Varela



7 de maio de 2000

Celebrouse a *XIX Volta á Comarca Brigantina*, puntuable para a Copa de España de Ciclismo, organizada polo Club Ciclista Betanzos, na que resultou gañador Luís Poyatos do equipo *Supermercados Froiz*. Editouse un libro conmemorativo do evento.



Maio de 2000

O Colexio brigantino Francisco Vales Villamarín (foto arriba á dereita) obtivo neste mes o Premio *Voz Natura* da provincia da Coruña 1999-2000, outorgado pola Fundación Fernández Latorre, polo proxecto titulado *Estudio da pranta de tratamento de augas para abastecer a cidade de Betanzos*. D. Jorge Saavedra Mosquera e D. Manuel López Río foron os profesores responsables.

Estudios Blanco

Maio de 2000

Ó longo deste mes desenrolouse o programa de actos organizado polo Concello, con motivo da festividade das Letras Galegas, que este ano estivo dedicada a Manuel Murguía. Para o seu desenrolo contou coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, aparte das propias institucións do Concello como as Xornadas de Portas Abertas no Museo das Mariñas, Unidades Didácticas e Campañas de Fomento da Lectura na Biblioteca Municipal.

14 de maio de 2000

Preto de douscentos corredores de toda Galicia participaron na Media Maratón *Volta á Ría de Betanzos*, organizada polo Club de Atletismo *As Mariñas*. Os gañadores foron Daniel de la Torre, e Fátima Paz Gago.

17 de maio de 2000

Dentro da celebración do Día das Letras Galegas, o Concello editou o libro de D. Marcelino Álvarez López, titulado *Contos de Onte*. Nel colaboraron Antonio Palla coas ilustracións, Concepción Delgado Corral que realizou o prólogo, e Alfredo Erias a maquetación. A presentación tivo lugar na Aula Municipal de Cultura nun acto presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares.



Estudios Blanco

Anuario Brigantino 2000, n° 23

18 de maio de 2000

Tivo lugar a presentación do Grupo de Intervención Rápida, composto por doce persoas. Este grupo, financiado pola Consellería de Familia e Concello, ten a función de colaborar en situacións de risco, coidado do medio ambiente, así como calquera outra actividade puntual.

18-31 de maio de 2000

No Edificio Arquivo puido contemplarse a exposición *Galicia en Foco*, iniciativa do Club de Prensa de Ferrol, e que amosou ó público os traballos realizados polos fotógrafos galegos nos últimos anos.

21 de maio de 2000

O deportista betanceiro Xosé Vales, pertencente ó club de piragüismo *Ría de Betanzos Construcciones Doxra*, obtivo en Portodemouros a medalla de ouro no Master Galego Individual na proba de 500 metros.

21 de maio de 2000

Nunha competición desenvolvida en Santiago de Compostela, as Escolas de Natación do Concello de Betanzos acadaron o primeiro posto no Campionato Galego en Idade Escolar en categoría alevín. Nas actuacións individuais destacaron Laura Valverde cunha medalla de ouro e unha de prata, Sara Abad unha de prata e Aitor Otero cunha de bronce.

**22 de maio de 2000**

Con motivo da festividade de Santa Rita, patrona dos funcionarios da Administración Local, o Alcalde, D. Manuel Lagares, entregoulles unha insignia da cidade ós funcionarios que se xubiláron neste ano que foron: D^a Florinda Presas Mosquera, D. Juan Campos Barral, D. Anxo Fafián Casal e á viúva de D. Manuel Mellid. Recibiron tamén un distintivo D. Germán Rivas Campos e D. Luís Zamora Andrade por levar vintecinco anos vinculados ó Concello.

23 de maio de 2000

Organizado polo Concello tivo lugar no Centro Social Municipal un curso de Prevención do Consumo de Drogas, especialmente dirixido a familias con fillos en idade adolescente, que foi impartido pola Asociación de Axuda ó Drogodependente (ADAFAD).



Estudios Blanco

24 de maio de 2000

D^a Amparo Calviño Méndez e D. Xesús Gundín Hurtado donaron ó Museo das Mariñas de Betanzos dous preciosos aderezos galegos do s. XIX, formados por un colgante de tres corpos e un xogo de pendentes de prata dourada. Asinou a recepción das pezas o Alcalde, D. Manuel Lagares.

24 de maio de 2000

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra *O bululú do linier* a cargo do grupo *Teatro do Adro*.



Estudios Blanco

25 de maio de 2000

Dentro dos actos organizados polo Concello para a celebración das Letras Galegas, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura unha conferencia impartida polo historiador D. Carlos Pereira, titulada *Vida e obra de Manuel Murguía*.

26 de maio de 2000

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a presentación da *Obra poética de Francisco Vales Villamarín*, editada polo Concello. A obra presentouse en dous tomos, un deles cun estudio crítico e edición de Concepción Delgado Corral, titulado *Poesía inédita e dispersa en galego*, e outro titulado *Poesía inédita e dispersa en*



castelán con edición de Concepción Delgado Corral, M^a Teresa Amado Rodríguez e Alfredo Erias Martínez. A presentación correu a cargo do profesor de Teoría da Literatura da Universidade de Santiago, D. Arturo Casas e foi presidida polo Alcalde, D. Manuel Lagares. O acto contou coa presenza de varios familiares de D. Francisco Vales Villamarín, representados por D. Francisco Vales Villamarín Vía.

Maio de 2000

Rematou neste mes unha nova edición do *Tren do Pasatempo*, que permitiu o acercamento de máis de dous mil nenos da provincia da Coruña á nosa cidade. A organización debeuse á Xunta de Galicia, Renfe e Concello.

1 de xuño de 2000

No parque do Pasatempo tivo lugar o acto de clausura do Curso de Educación Vial, organizado polo Concello e que contou coa colaboración da Dirección Provincial de Tráfico. Foi impartido polo Cabo da Policía Municipal, D. Manuel Seijo Vázquez a preto de 500 alumnos dos colexios Francisco Vales Villamarín e Nosa Señora do Carme. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, e contou coa presenza do responsable da Dirección Provincial de Tráfico, D. Gonzalo Ocampo.

2 e 3 de xuño de 2000

Seguindo co desenrolo do Programa das Letras Galegas, a Aula Municipal de Cultura acolleu dúas representacións teatrais: *O lapis do carpinteiro* polo grupo *Sarabela Teatro* e *Ultimamente non durmo nada* a cargo do grupo de *Teatro da Lúa*.

4 de xuño de 2000

Organizado polo *Club Ciclista Terrazos Riego* celebrouse a *II Volta ás Mariñas Memorial Luís Lousa Bodmer*, na que participaron uns oitenta ciclistas de Galicia, Asturias e Castela-León. O gañador foi o asturiano Damián Prieto.

4 de xuño de 2000

Como remate dos actos das Letras Galegas celebrouse o III Encontro de Bandas de Música, que contou coa participación das bandas de Sada, Pontedeume, Narón e a Municipal de Betanzos.

5 de xuño de 2000

Coa plantación de varias árbores no Pasatempo por parte dos alumnos do colexio Vales Villamarín, celebrouse o Día Mundial do Medio Ambiente organizado polo Concello. Os nenos estiveron acompañados polo Alcalde e o concelleiro de Medio Ambiente.

7 de xuño de 2000

Na Sala Capitular do Concello foron recibidos os equipos de xuvenís e alevíns do Betanzos F.C. con motivo de proclamarse campións de liga nas súas respectivas categorías. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, que estivo acompañado do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Antonio Lagares, do Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira, do Presidente do Betanzos, D. Julián García e de varios membros do corpo técnico.



Estudios Blanco



Estudios Blanco

9 de xuño de 2000

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar a presentación do Programa de Concienciación Social e Educación Ecolóxica para os nenos da comarca, elaborado polo Consorcio das Mariñas. O programa foi presentado polos Alcaldes de Abegondo, Arteixo e Betanzos.



Estudios Blanco



9 de xuño de 2000

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar a presentación do libro

Pequeños tesoros de Betanzos: la Ciudad de los Caballeros, do que son autores D^a Olga Cristina Viaño e D. Joaquín Díaz-Pache. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares.

12 de xuño de 2000

En Santiago tivo lugar a entrega dos Premios Extraordinarios de Bacharelato, outorgados pola Xunta de Galicia. De catro galardoados pertencentes á provincia da Coruña, dous son os betanceiros: Diego Villaverde e Felipe Erias. >>



16 de xuño de 2000

O Alcalde, D. Manuel Lagares, acompañado de varios membros da Corporación Municipal, recibiu no Pasatempo ó Conselleiro da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, D. Xaime Alberto Pita Varela, que veu acompañado polo Director Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, D. Xosé Antonio Redondo



Estudios Blanco

e polo Delegado Provincial da COTOP, D. Jesús Almuiña. O motivo da visita foi comprobar o estado de varias obras financiadas pola Xunta de Galicia como as vivendas do Martín Ballesteros e a Urbanización da Condesa.

25 de xuño de 2000

Os deportistas betanceiros do *Club Ría de Betanzos construccions Doyfra*, Xosé Vales e David Mosquera, acadaron a medalla de ouro na proba de 500 metros en C-2 da Copa de España de Pista.

27 de xuño de 2000

Foron inauguradas polo Alcalde, D. Manuel Lagares, as novas dependencias do Conservatorio Municipal de Música en San Francisco. O novo edificio permitiu desconxestionar o Edificio Arquivo, que xa se quedara pequeno para atender as distintas demandas culturais.



29 de xuño de 2000

O Alcalde, D. Manuel Lagares e o Concelleiro de Emigración, D. Andrés Beade Dopico, recibiron no Concello a tres representantes do Centro Betanzos de Bos Aires: á súa Presidenta D^a Beatriz Lagoa, D. Modesto Viqueira e D. Leonardo Varela. >



30 de xuño de 2000

«Sobresaliente cum laude» foi a calificación da Tese Doutoral do avogado betanceiro, D. Antonino Vázquez Bonome, lida na Universidade da Coruña e titulada, *Derecho Cambiario: letra, pagaré y cheque*, na que tratou da incidencia das novas tecnoloxías na Banca.

1 de xullo de 2000

No Edificio Arquivo tivo lugar a inauguración da exposición de fotografías de Xosé Castro, titulada, *Retratos para facer un tempo*. No acto estiveron presentes o Alcalde, D. Manuel Lagares e o Concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira.





Estudios Blanco

7 de xullo de 2000

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar a presentación da carpeta nº 5 da colección «Debuxos de Galicia», de Alfredo Erias, titulada «Cabaleiros». O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e contou coa presenza do Conselleiro da Presidencia e Administracións Públicas, D. Xaime Alberto Pita Varela. Presentou a obra o historiador, D. Carlos Pereira Martínez.

7-9 de xullo de 2000

O casco antigo da cidade volveu unha vez máis a engalanarse para acoller a III Feira Franca Medieval, que contou como ven sendo habitual cunha ampla participación de tódolos cidadáns e con gran afluencia de visitantes.



Estudios Blanco

Danzas gremiais, revoltas irmandiñas, música medieval, malabaristas, grupos de teatro nas rúas, Torneos, poxas públicas, queimas de bruxas, bufóns, expulsión de leprosos, caza do xabarin, cantares de cego, batalla das figueiras, cea medieval.... foron algúns dos actos que axudaron a transportarnos ó Betanzos medieval. A organización do acontecemento foi do Concello, que contou coa colaboración de asociacións, empresarios e comerciantes e numerosos voluntarios.

A feira deu comezo coa representación dun saúdo entre o «Conde de Andrade» e o Alcalde, para a continuación dar lectura ó pregón que correu a cargo do historiador D. Carlos Pereira.



Anuario Brigantino 2000, nº 23



Estudios Blanco

PREGÓN DA IIIª FEIRA FRANCA MEDIEVAL DE BETANÇOS

Anno do nasçemento de noso Sennor Ihesu Christo de dous mill annos, sesta feyra, sete días andados do mes de jullo.

Sabbean quantos este instormento de pregón oíren como eu, Carlos da Pereira, da linagen que son de Diego Breixo Aldao Andeiro Freire de Andrade et de Isabel Rey Vilardefrancos Moscoso et Figueroa, escripuano et notario da terra e bailía de Faro, a pedimento do alcalde et justiçia et regedores et procuradores geeraes et homnes boos do conçello de Betanços, seendo ajuntados a campaa tangida enno adro da elesia de Sanct Françisco, segund o an de uso et costume, et coa



Estudios Blanco



Estudios Blanco

bendición do arçipreste de Janrozo, fago saber que, merçe ao priuillégio et graçia que outorgou a esta çibdade noso sennor el rei Enrrique, quarto dese nome, que Deus garde, averemos Feira Franca nestes primeiros días de jullio por andar.

Et sabede que das Marinnas dos Freires, et dos Condes, et da çibdade da Crunna et o seu alfoz, et de Pontes de Ume et de Ferreol et terra de Trasanquos et da terra de Párrega et de Millide, et Arçúa et Montanos et Bregantinos, et de outros lugares do reyno de Gallizia, chegaron mercadores aa çibdad de Betanços coas súas mercadorías, para nos mercarmos o que máis nos prouguer. Et sabede que o alcalle et regedores mandaron disser que nehuun vezinno ouse de lles fazer nen perpetrar nen prijon, nen leson, nen mortes nen feridas nen desonor algund na sua venida aa çibdad, et entrada en ela et na tornada a as súas casas.

Et averá juglares et malabares et jogos ennas rúas da çibdad et o abbade de Sobrado, et o prior, virán façer visita a o moesteiro das Cascas, que fundaran Bermudo Peres et a súa filla Urraca deuota, que Deus aia. Et o padre guardián de Sanct Françisco díssome que çelebrará misa polas memoria de frey Fernán Miguellles, comendador, e dos freires da orde et miliçia do Templo, a quen Deus perdoe, que aquí teveron súa encomenda, onde o grand sennor Fernán Peres d'Andrade, de boa memoria, alçó et edificó a eglezia et convento dos frades minores.

Et estes días Alonso de Lançós et Fernán Peres, et Afonso de Carvallido et Pedro Pardo o Mariscal, et Gomes Peres das Marinnas et o arçebispo Alonso de Fonseca, et Diego de Lemos e Pedro Alvares, et os homes da Irmandade et os escudeyros, et vassallos et homes de beetrías farán treguas, et leixarán as súas contendas et demandas et herros et malquerenças et queixumes por non entorpeçer a Feira Franca.



Estudios Blanco

Xa tangeron as campaás de Sanct Frañçisco, do Açougue et de Santiago. Xa os Fieis executores deron liçençia a as paradas et os çapateiros, os ferreiros, os tundidores, os ourives et alfaiates, tecedeiras, carniçeiros, pescadores et labregos voçean as súas mercadorías ennas rúas da çibdad et os seus arrabales, et ennas tendas et portaes. Xa arrivaron a o noso porto as naos dos mareantes con teas de oltramar: panos de ouro, de seda, et lá, et lenços. Xa os cambiadores ofreçen o ouro et a prata; et hai ferro et azeiro, vino et azeite et outros mantementos. Et de todo isto, nen de alguuha cousa, que non sejan tiudos ditos mercadores de dar nen pagar alcabala, nen portadgo alguun, mas que sean francos, libres, quitos et esentos de todo.

Et sabede que xa corre o vino nas tabernas da çibdad, et ricas viandas agardan nas mesas. Et veñen polos camiños os cavaleiros con atabales, trompetas e tamboril et os seus peóns e lanças botando apellido, et donçelas et viláns, et os abbades de Cins, de Monfero et Bergondo, et o prior de Briuis et de Cambre, et esmoleiros, et laçarados, et alguus clérigos con as suas barraganas. Et a todos uos digo, vezinnos e estrangeiros que estades y presentes: ¡viva a Feira Franca de Betanços!

Feyto este escripto de pregón enna çibdad de Betanços dia, mes e anno supradictos. Eu, Carlos da Pereira, notario na terra et bailía de Faro, presente fuy et fiz escrepuir et puge aquí meu nonme et meu Signal que tal he, en testimoyo de verdade.

Carlos Pereira Martínez



Estudios Blanco

14 de xullo de 2000

Tivo lugar a inauguración da *VII Bienal de Pintura Balconadas*, organizada polo Concello co patrocinio da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial. Este evento converteu á cidade por uns días nunha gran sala de exposicións. En total foron 130 as obras seleccionadas que quedaron penduradas dos balcóns do casco histórico. O acto de presentación estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares e estivo acompañado do Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira e dos directores do concurso D. Jesús Núñez e D^a Verónica Dopico. A pesar de que a organización depende do Concello, os premios son outorgados por votación dos propios participantes que neste ano corresponderon: o primeiro, a Antonio Santiago Linde, o segundo, a Víctor Navarro Ríos, e o terceiro a Pedro de Miguel García.



Estudios Blanco

Xullo de 2000

Ó longo deste mes desenrolouse o programa *Noites de Cine*, no que se proxectaron varias películas ó aire libre. Este programa vense celebrando desde hai once anos gracias a un convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello.

18-21 de xullo de 2000

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar o III curso *Musica y Cine*, organizado pola Universidade da Coruña en colaboración co Concello e que dirixiu D. Xosé María Paz Gago.

Estivo dividido nunha parte teórica na que participaron diferentes especialistas e profesionais e unha parte práctica que consistiu na realización dun corto dirixido por Xosé Vilaboy. O programa completouse coa proxección de varios filmes ademais de contar co ciclo de proxeccións ó aire libre.

25 de xullo de 2000

No Cruceiro da Cruz Verde tivo lugar a tradicional homenaxe da Corporación Municipal a tódolos que deron a vida por Galicia. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares.

27 de xullo-13 de agosto de 2000

Ó longo destes días veuse celebrando o Ciclo de Música do Concello de Betanzos Verán 2000, organizado pola Delegación de Cultura e Deportes do Concello, que se desenrolou no Claustro do Museo das Mariñas e na igrexa de San Francisco. Participaron os grupos: Orquestra de Cámara Vox Aurae de Brescia, Cuarteto de Saxofóns da Coruña, Artabria Trium, Muxicas, Dúo Arabesco, Trío Untia, Agrupación Musical Carlos Seijo, Coral Polifónica de Betanzos e Banda Municipal de Música.



La Voz de Galicia: Estudios Blanco



Estudios Blanco



Estudios Blanco

28 de xullo de 2000

Tivo lugar en Muros a inauguración da exposición de fotografías «Muros anos 50» de D. Antonio Selgas Goyanes. As instantáneas, que aparte do valor artístico son de gran valor histórico e afectivo para as xentes desta vila, foron publicadas nun libro editado polo Concello de Muros. A mostra serviu ademais para un acto de irmandade entre o Concello de Muros e o de Betanzos, desprazándose para este acto unha delegación do Concello de Betanzos encabezada polo Alcalde, D. Manuel Lagares.



4 de agosto de 2000

Na Sala Capitular do Concello foi presentado oficialmente o programa de Festas Patronais *San Roque 2000* polo Alcalde, D. Manuel Lagares. O cartel e portada do libro foi realizado por Luís Galán.



Estudios Blanco

12 de agosto de 2000

O Concello dedicoulle a Uxío Novoneyra, o poeta do Courel, a praza que está ó lado do ambulatorio nun acto en que estiveron presentes familiares e amigos do homenaxeado e presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares. A continuación no Museo das Mariñas tivo lugar un recital poético presentado por Xulio Cuns, e no que participaron Bernardino Graña, Manuel María e Xosé Neira Vilas.

14 de agosto de 2000

Na Praza da Constitución, o Alcalde, D. Manuel Lagares, coroou á Raíña das Festas, a fermosa moza brigantina, Lucía Campañó Faraldo. Seguidamente desde o balcón da Casa Consistorial tivo lugar a lectura do pregón, que este ano correu a cargo do empresario, D. Roberto Tojeiro Díaz. A continuación, houbo unha recepción ás autoridades e personalidades invitadas e fíxose entrega dos premios *Garelos 2000* que foron os seguintes: En Cultura á Banda Municipal, en Deporte a Ana Belén Blanco, en Industria a Suministros Vía-Mar, e un Garelo especial a Mármores Betanzos. Entregáronse así mesmo os premios da VII Bienal Balconadas.



Faraldo

Pregón das Festas

Ilmo Sr. Alcalde y Corporación Municipal, demás Autoridades, Reina y Damas de las Fiestas y a todos los presentes

Muchas gracias por haberme invitado y así poder expresar mis deseos y mis pensamientos a esta querida Ciudad.

Estamos en la Fiesta Mayor y hablo de la Fiesta Mayor, porque en Betanzos todos los días son fiesta, quiero decir con esto que estar de fiesta es estar como se hace en esta Ciudad, desenfadados, con caras alegres, buenas actitudes y en armonía. No conozco a ningún matrimonio que no tenga ninguna «trifulca» de vez en cuando, por bien que se lleven, y que bonito es después del enfado, la reconciliación, cuando aflora el cariño que está por encima de todo.

Esto ocurre en Betanzos y pongo como ejemplo a los políticos de este Pueblo, que dan ejemplo de saber llevar un pueblo adelante, a pesar de sus diferencias de opinión, ya que ellos son los que deben dar ejemplo, igual que un sacerdote o unos padres de familia, porque el buen ejemplo es la base de todo.

Los que tenemos la suerte de conocer muchas ciudades y pueblos diferentes, nos damos cuenta enseguida de que Betanzos tiene algo especial, su historia, su cultura, su ambiente, sus frutos del campo, su gastronomía.

Conocida es su tortilla, su carne asada y otros manjares, que tanta fama le han dado dentro y fuera de España.

Las personas de un pueblo, a veces no nos damos cuenta de lo que tenemos, es como aquel que compra una casa con unas vistas preciosas, y «gasta» la vista en un año mirando el entorno, después de un año ya se cansa y cierra las contras y ya no se da cuenta de la hermosa vista; o aquel que tiene una mujer guapa y buena persona, y se fija en otra que va delante de él aunque sea más retorcida que un salgueiro.

Igual que otros muchos, yo viajé bastante, conocí fondas de tercera, de segunda y hoteles de varias estrellas, pero sólo cuando vuelves a tu casa y te acuestas en tu cama, te das cuenta de que no hay ninguna como ella. Esto es lo que nos pasa a todos cuando estamos rodeados de cosas buenas.

A veces no nos damos cuenta y no las apreciamos en su justa medida.

Estamos en una Ciudad que históricamente se le conoce como Betanzos de los Caballeros y ya se sabe que donde hay damas hay caballeros, y donde hay esta clase de personas, naturalmente también es un gran sitio para vivir, por eso me gusta Betanzos a mi y a muchos otros, y los que no lo vean así, lo sentimos por ellos.

Los tiempos cambian y las ciudades también, Betanzos está pasando a ser un potencial económico tanto industrial como comercial; este cambio yo lo comparo al de un chico que está pasando de los 13 a los 18 años, que es el momento más difícil y decisivo para que encauce bien su vida.

Por ello los que dirigen esta Ciudad deben cuidarla conforme a los valores que hasta ahora han tenido, pero al mismo tiempo dando paso al futuro, pueden convivir perfectamente la tradición y



Faraldo

los buenos modales de una ciudad, con el crecimiento industrial y comercial, así como el cuidado del medio ambiente, todo ello sin quedarse ni pasarse, en su justa medida, pues todas las malas y buenas costumbres tienen un límite, como la educación del joven que antes decía.

Queridos amigos, os estoy robando un tiempo precioso de vuestra fiesta de San Roque, sólo quiero desearos que mis palabras os sirvan para apreciar mucho esta Ciudad, tan entrañable que tenéis y tenemos.

Muchísimas gracias a todos, y perdonadme, si no me he expresado como esperabais, pero este no es mi oficio, creedme, que las palabras que os dije; os las dije de corazón.

¡¡¡Hasta siempre Betanceiros y ahora a disfrutar!!!

Roberto Tojeiro Díaz



Arume

15 de agosto de 2000

Na Praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da Raíña Infantil das Festas, a fermosa rapaciña Miriam Díez Seoane, que recibiu a coroa de mans do Alcalde, D. Manuel Lagares. Acto seguido, Gloria Cupeiro Docampo deu lectura ó Pregón Infantil.



Arume

Función do Voto

(16 de agosto)

SEÑOR SAN ROQUE

Al postrarme nuevamente delante de Tí, para presentarte esta ofrenda, que hace más de cinco siglos te ofrece el pueblo de Betanzos, quiero manifestarte el agradecimiento y la gratitud de nuestro pueblo por la generosidad y protección que tuviste siempre con nosotros. Protección que siempre nos dispensaste y de una forma especial, cuando estuvimos perseguidos por la enfermedad y por la peste de las que nos liberaste.

Como Alcalde de Betanzos, renuevo esta presentación en este momento en el que el cambio de milenio se muestra delante de la sociedad con avances tecnológicos, en el mundo de la comunicación

Anuario Brigantino 2000, nº 23

y en las diversas facetas de la actividad humana. Pese a estas mejoras de la sociedad, existe realidades en el mundo que se manifiestan a través de guerras, exilios, envidias que configuran un progreso real pero mal repartido y donde las tremendas desigualdades entre los países obligan a muchas personas a lanzarse al mar o a cruzar el desierto para buscar una vida digna donde los derechos humanos sean tenidos en cuenta.

Ayuda a los millones de personas que, tanto en nuestro país como en otros, especialmente en la franja sur, tienen que soportar la más dura realidad de una vida sin las mínimas condiciones para acercarse a Tu testimonio e integración.

Igualmente te pido que protejas a todos los seres humanos y de forma especial a los betanceiros, para construir un mundo nuevo lleno de ilusión donde quepamos todos. En donde los jóvenes tengan el protagonismo que merecen y sepan superar

las lacras humanas del alcohol, las drogas y ese conjunto de peligros que les acechan cada día. Que los ancianos que tanto trabajaron en construir la sociedad que disfrutamos, encuentren la atención y el respeto que les debemos. Y donde los parados encuentren la cobertura de sus necesidades, los enfermos vean sus dolencias aliviadas y los que sufren y tienen problemas encuentren Tu sabio consejo y la superación de sus traumas.

Quiero también en estas fechas tan dolorosas en diversas comunidades de nuestro país, mostrar mi solidaridad y respeto por las víctimas del terrorismo. Personas que, a veces por defender sus ideales o sus trabajos, sufren, sin justificación de ningún tipo, esta barbarie que altera la convivencia familiar y ciudadana y sume en la más profunda de las tristezas a muchos seres humanos. Busca la Paz y el diálogo sirva de forma de comunicación desterrando para siempre el lenguaje de las pistolas y de las bombas que sólo sirven para distanciarnos y terminar con el derecho más profundo y sagrado de las personas a una vida en libertad.

SEÑOR SAN ROQUE, siempre nos diste sobrados motivos de tu extraordinaria generosidad y nos favoreciste e iluminaste cuando más lo necesitamos. Es por ello que, en nombre de esta Ciudad que sabe reconocer las atenciones de quién las realiza, te presente esta humilde ofrenda y te doy las más reconocidas gracias.

MANUEL LAGARES

Alcalde de Betanzos.

16 de agosto de 2000

Como tódolos anos, ás 12 da noite, saú da torre de Santo Domingo o Globo de San Roque, que realiza a familia Pita desde o s. XIX. O globo, o máis grande do mundo construído en papel, surcou de novo o ceo de Betanzos para admiración do numeroso público asistente que o seguiu ata perdelo na noite. Este ano viaxou ata a veciña parroquia de Muniferral, no Concello de Aranga.



Fersal

La Voz de Galicia: Pedro Puig



Alfredo Erías



La Voz de Galicia: César Quiñan

18 e 25 de agosto de 2000

Como é tradicional, foron miles de persoas as que se acercaron ó campo dos Caneiros para disfrutar destas orixinais romarías. As lanchas engalanadas con flores déronlle color e vistosidade a estas xiras. O accidente ocorrido ó envorcar unha das lanchas na volta dos Caneiros do día vintecinco ocasionou a morte de dúas persoas e empañou a alegría do remate da festa. O accidente trouxo consigo unha longa polémica sobre a seguridade das lanchas nesta romaría.

20 de agosto de 2000

Celebrouse a V Carreira Popular de Betanzos na que participaron máis de douscentos corredores. O gañador foi Raúl Hernández Fernández en categoría masculina, e en feminina, Sonia Botana. Os trofeos foron entregados polo Alcalde, D. Manuel Lagares.



Estudios Blanco

6 de setembro de 2000

Tivo lugar na Sala Capitular do Concello unha homenaxe a D. Andrés Otero Martínez, concelleiro do BNG que presentou a súa dimisión o pasado mes de xullo. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, e a el asistiron diversos membros da Corporación Municipal.

6 de setembro de 2000

No edificio do Concello, o Alcalde, D. Manuel Lagares, recibiu a D. Leonardo Varela, quen lle fixo entrega con destino ó Museo das Mariñas, dunha réplica do manifesto de San Sebastián do ano 1930, que se considera como xerme da II República.

8 de setembro de 2000

Foron varios miles de persoas as que se achegaron este día ó Santuario dos Remedios para celebrar a tradicional romaría.

11-15 de setembro de 2000

Puido contemplarse no Edificio Arquivo unha mostra de gravados de Sylvie Karier.

Setembro de 2000

Neste mes construíronse as beirarrúas ó pé do muro de fronte ós soportais da Praza do Campo.

15 e 16 de setembro de 2000

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra «Tres no bamban», a cargo do grupo de teatro Espello Cóncavo.



18 a 29 de setembro de 2000

Ó longo destes días celebráronse na Aula Municipal de Cultura as II Xornadas de Rutas do Mundo, organizadas polo Concello de Betanzos co patrocinio de Caixa Galicia e coordinadas por Xabier Ares. Nas mesmas participaron viaxeiros e aventureiros moi coñecidos como Juan Oiarzábal que subiu na súa carreira de montañista catorce cumes que superan os oito mil metros, Diana de Horna que conviviu con varios pobos indíxenas, Xabier Ares e Rita Melo, das súas viaxes, os cicloturistas Luís Marquina e Emilia Curiel, pechando este ciclo o montañeiro Frank Van Herreweghe.



24 de setembro de 2000

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a presentación do libro «Wa Wa Wa», da autoría de Xabier Ares, «Japi», que trata sobre as experiencias vividas na viaxe que realizou recentemente a Filipinas, Malasia, Indonesia e Papúa Occidental. A presentación correu a cargo de D. Antonio Selgas. >>



25 de setembro de 2000

No Hotel Tryp María Pita da Coruña inaugurouse unha exposición de pinturas e gravados de Alfredo Erias Martínez.





Estudios Blanco

28 de setembro de 2000

Na Sala Capitular do Concello presentouse o Anuario Brigantino, nº 22. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares a quen acompañaban diversos membros da Corporación Municipal, entre os que se atopaba, o Delegado de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira, así como o Director da publicación, D. Alfredo Erias Martínez. A presentación correu a cargo do Doutor en Historia da Arte, D. José Cardeso Liñares.

28 de setembro de 2000

O Alcalde, D. Manuel Lagares, recibiu da Mancomunidade de Concellos da Área Metropolitana dous camións destinados á recollida selectiva do lixo, así como un lavacontedores.

Setembro de 2000

Betanzos foi declarado Municipio de Interese Turístico pola Comisión de Valoración da Xunta de Galicia. O casco histórico da cidade e os monumentos nel conservados foron os factores máis influentes nesta decisión.



29 de setembro de 2000

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar a toma de posesión como concelleiro do BNG, D. Andrés Otero Botana. >>

29 de setembro de 2000

Na sesión ordinaria do Concello, deuse conta da sinatura dun convenio entre o Concello de Betanzos e a Sociedade de Promoción Fluvial Valdoncel, na que esta última cedeu unha franxa de terreo que vai permitir o ensanche do paseo da Galera e a entrada do Carregal.

30 de setembro de 2000

Dentro do ciclo de colaboración co Instituto Galego de Artes da Imaxe, dependente da Consellería de Cultura, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación da obra «O cerco de Leningrado», de José Sanchís, que representou o grupo Teatro do Atlántico.

Outubro de 2000

Dentro do plan de mellora no abastecemento de auga, este mes rematáronse as obras da nova represa no río Mendo, coa que se viu ampliada a capacidade de bombeo de auga.

7 de outubro de 2000

Celebrouse en Madrid a poxa dos doce bustos de mármore dos emperadores romanos que mercara D. Juan García Naveira en Italia para o Pasatempo. Os bustos estiveran nun primeiro momento no Pasatempo pero despois o propio D. Juan levounos para o xardín da casa de dona Águeda. Á poxa asistiron o Alcalde, D. Manuel Lagares e o Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira, coa intención de facerse coa colección ou cando menos con algunha das pezas, pero o prezo que alcanzaron impediu levar a bo termo esta tentativa.

9 de outubro de 2000

Entraron en funcionamento as novas dependencias municipais no Edificio Arquivo. Os novos locais responden a unha necesidade física de espazo da propia administración que vai repercutir nunha mellora no servizo ó cidadán. Na Casa Consistorial segue a Alcaldía, as delegacións de Cultura e Deportes, Emigración, Servicios e Turismo.



Estudios Blanco

16-30 de outubro de 2000

Puido contemplarse no Edificio Arquivo unha exposición de fotografías antigas titulada «Betanzos e as súas xentes», con recordos de familia anteriores a 1950. A exposición foi organizada polo Club de Xubilados Caixa Galicia de Betanzos.

22 de outubro de 2000

Dentro do programa da Rede Galega de Teatros, tivo lugar na Aula de Cultura a representación de «Cyrano de Bergerac» pola compañía teatral Librescena.



27 de outubro de 2000

Presentouse na Aula Municipal de Cultura o libro de poemas titulado «Lendario Acibeche», autoría do xornalista betanceiro Xosé Luís Sobrino. Foron tres os presentadores: Enma Couceiro, Xabier López López e Xesús Torres Regueiro.



Estudios Blanco

28 de outubro de 2000

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar a sinatura do depósito da «Colección Fundación Jiménez-Cossío» no Museo das Mariñas, entre a Presidenta da Fundación Jiménez-Cossío, D^a Natalia Jiménez de Cossío e o Alcalde, D. Manuel Lagares.

3 de novembro de 2000

No Concello o Alcalde, D. Manuel Lagares, recibiu ó Embaixador Arxentino, D. Ricardo E. Lafferriere. No acto, no que tamén estiveron presentes algúns membros da Corporación Municipal, falouse da numerosa colonia de betanceiros que vive neste país, especialmente en Bos Aires, e do Centro Betanzos.



Estudios Blanco

5 de novembro de 2000

Incluída dentro da Rede Galega de Teatro tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación da obra «Ñikiñaque», a cargo do grupo Ollomoltranvía.

10 de novembro de 2000

Constituíuse a «Fundación Comarcal de Betanzos», que reuniu na Casa Consistorial a dez Alcaldes dos once concellos que conforman oficialmente a comarca de Betanzos, que son: Aranga, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Miño, Oza dos Ríos, Paderne, Vilasantar e Vilarmaior. Este órgano comarcal ten como obxectivo elaborar plans conxuntos entre os distintos concellos que axuden a potenciar o desenvolvemento económico da zona. O Conselleiro da Presidencia, D. Jaime Alberto Pita Varela, foi nomeado Presidente de Honra, recaendo en D. Andrés Precedo Ledo, o cargo de Presidente para este primeiro ano.



Estudios Blanco

20 de novembro de 2000

Como primeiro paso para a consecución da Denominación de Orixe para o viño de Betanzos, a Consellería de Agricultura ven de concederlle neste día a denominación de Viño da Terra. Acadan esta denominación ós viños da zona produtora da comarca, que conforman os concellos de Bergondo, Coirós, Paderne e Betanzos. Viño da Terra é un indicativo xeográfico de calidade recoñecida pola Unión Europea que a partir de agora se poderá poñer nas etiquetas, omitindo o termo de «viño de mesa».

23-27 de novembro de 2000

Os traballos de substitución da ponte do tren de Castro por unha nova plataforma, obrigaron a pechar á circulación a estrada de Betanzos a Sada.

24 de novembro de 2000

O Alcalde, D. Manuel Lagares, acompañado de varios membros da Corporación Municipal, inaugurou as instalacións do Centro Social de Saavedra Meneses.

29 de novembro de 2000

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar unha homenaxe ó cantautor Suso Vaamonde. Proxectouse un vídeo e presentouse un disco recopilatorio titulado *Lembranza*. No acto estiveron presentes varios familiares do cantautor, a quen lles foi entregada unha placa conmemorativa polo Alcalde, D. Manuel Lagares.

Novembro e decembro de 2000

Nestes meses a nosa comarca viuse sometida a varios temporais que ocasionaron importantes destrozos, sobre todo en zonas próximas ós ríos, como Caraña, Piñeiro, Barallobre, Roibeira, Acea e Miodelo. Algunhas das casas víronse anegadas, chegándolles a auga a máis dun metro de altura.



La Voz de Galicia: E.B.

Novembro de 2000

Estivéronse levando a cabo traballos no exterior da igrexa de San Francisco para evitar as filtracións de auga. As obras contratadas pola Xunta de Galicia, consistiron en rodear a cabeceira da igrexa con pedra de cantería.

1-11 de decembro de 2000

Unha delegación betanceira encabezada polo Alcalde, D. Manuel Lagares, estivo estes días na cidade de Bos Aires para participar nos actos de celebración do 95 aniversario da fundación do Centro Betanzos. Inaugurouse a nova biblioteca «Antolín Faraldo» e presentouse o libro «De Espenuca a Barracas al Sur», do «Príncipe de Espenuca», Carlos Penelas.

1 de decembro de 2000

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra «Quién es quien», a cargo da agrupación Teatro Mariñán, que foi organizada pola Delegación de Cultura e Deportes.



1 de decembro de 2000

A Xunta de Galicia aprobou neste día a concesión a Betanzos da categoría de Concello Turístico Galego, despois de ser solicitado pola Corporación Municipal. Esta declaración outórgalle a Betanzos prioridade para obter beneficios nos plans de desenvolvemento e mellora do sector turístico elaborados pola Xunta de Galicia.

2 e 3 de decembro de 2000

Tivo lugar no Pavillón Polideportivo Municipal o VIII Campionato Cidade de Betanzos de Karate, organizado pola Federación Galega de Karate e polo Club Shin-Gi-Tay KarateDo, que contaron coa colaboración do Concello.



7 e 15 de decembro de 2000

Organizadas polo «Club Rotary» tiveron lugar na Aula Municipal de Cultura unhas xornadas dedicadas á emigración, que levaron por título «100 anos de emigración Betanceira». Participaron: D. Isaac Díaz Pardo, D. Miguel A. Santos Rego, D. Antolín Sanchez Presedo, D. José Luis Couceiro Vicos, D. Fernando Amarelo de Castro, D. Jaime A. Pita Varela, D. Manuel Lagares Pérez e D. Andrés Beade Dopico.

10 de decembro de 2000

Na Piscina Municipal desenrolouse o Campionato Galego Master de Natación, que reuniu a máis de sesenta deportistas de toda a comunidade galega.

10 de decembro de 2000

A partir deste día ata o mes de xaneiro veuse celebrando o programa de Festexos do Nadal organizado pola Delegación Municipal de Cultura e Deportes, que contou coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado polo debuxo de Laura Noya Belío do Colexio Nosa Señora do Carme (Atocha), gañadora do concurso de carteis de Nadal organizado polo Concello.



12 de decembro de 2000

Coñeceuse pola prensa deste día que o Presidente do Goberno Vasco, D. Juan José Ibarretxe, acompañado de súa nai, Dª María Dolores Markuarto, visitara a nosa cidade. O motivo foi coñecer o lugar onde vivira a súa familia os anos posteriores á Guerra Civil, anos nos que o avó do lehendakari padeceu o desterro debido a motivos políticos.

14 de decembro de 2000

Tivo lugar no Edificio Arquivo a inauguración dunha exposición de Xacobe Méléndrez, que foi presentado por Alfredo Erias. O acto estivo presidido polo Tenente de Alcalde, D. Antonio Lagares Pérez, acompañado do Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira.

16 de decembro de 2000

Celebrouse a Feira do Galo, organizada polo Concello para fomenta-la exposición e venda de determinados productos tradicionais. Para levar este evento a bo termino, contou-se coa colaboración de varias asociacións locais. Ó concurso presentáronse máis de cen exemplares, dos que resultou gañador o de D. Manuel Casanova Souto de Betanzos. Os galos clasificados nos tres primeiros postos foron subhastados e o seu importe destinado a Cáritas de Betanzos.



Estudios Blanco

16 de decembro de 2000

Incluída dentro da Rede Galega de Teatro tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación da obra «Morte accidental dun anarquista», a cargo do grupo Teatro do Morcego.

17 de decembro de 2000

No Pavillón Municipal desenrolouse o Campionato Galego Júnior de Taekwondo, organizado pola Federación Galega de Taekwondo, a empresa concesionaria das instalacións deportivas do Carregal (Deside) e o Concello de Betanzos.

21 de decembro de 2000

Dentro dos actos programados pola Delegación de Cultura, tivo lugar na igrexa de San Francisco un concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia.

21 de decembro de 2000

No Salón de Actos da Fundación Caixa Galicia tivo lugar a presentación do libro «Betanzos frente a su historia. Sociedad y patrimonio», do que son autores D. José Antonio Fernández de Rota y Monter e D^a M^a del Pilar Irimia Fernández, profesores da Universidade da Coruña. O acto de presentación correu a cargo do escritor Carlos Casares.




27 de decembro de 2000

Na librería Donín de

Betanzos tivo lugar a presentación do libro «O xabaril branco», de Tucho Calvo, con ilustracións de Miguelanxo Prado. A presentación correu a cargo do profesor D. José Antonio Ponte Far.





Jesús Núñez, 1997. Xilografía-aditivos. Mancha: 78x112 cm.
Papel Creysse. Matriz: 2. Tirada: 3.

ESTE ANUARIO BRIGANTINO 2000
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 25 DE
XULLO DO
2001

